



**PLAN ESTRATÉXICO DAS
TECNOLOXÍAS DA
INFORMACIÓN E DAS
COMUNICACIÓNS 2007-2010
DA USC (PETIC-II)**

PETIC-II. Presentación do Reitor

A Universidade de Santiago de Compostela está fundamentalmente implicada no desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, non só na propia universidade senón tamén na sociedade galega e nos sistemas universitarios autonómico e estatal. Boa mostra disto son as distintas actuacións realizadas en Galicia para a difusión das TIC a todos os niveis e a participación en diversos foros nacionais e internacionais e moi especialmente nas iniciativas da *Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas* (CRUE), nas que a USC ten un papel de liderado.

Conscientes do valor da planificación estratéxica como medio de anticipación e dinamización na toma de decisións, elaborouse o plan estratéxico das TIC (PETIC 2004-2006), un dos primeiros elaborados na universidade española. Teño agora a satisfacción de presentar o segundo plan, no que se establecen as liñas estratéxicas, obxectivos e accións concretas a desenvolver no período 2007-2010, para garantir que a USC siga sendo un referente na utilización das TIC nun escenario en permanente cambio.

Quero agradecer a colaboración de todas as persoas que participaron na elaboración deste documento, que resultará mais valioso se todos e todas nos comprometemos na súa realización.

Senén Barro Ameneiro. Reitor da USC

PLAN ESTRATÉGICO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DAS COMUNICACIÓNS 2007-2010 DA USC (PETIC-II)

O Plan Estratégico da USC-2010 establece unha serie de obxectivos básicos e instrumentais nos que se fai unha constante referencia ás TIC. Para desenvolver polo miúdo este plan xeral elaborouse o primeiro Plan Estratégico de TIC (PETIC 2004-2006), aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xuño de 2004 e que conta con cen accións agrupadas en nove liñas estratéxicas. Este plan colocou a nosa universidade nunha posición de referencia entre as universidades españolas, tanto polo feito de ser unha das primeiras en contar cunha planificación estratéxica específica para as TIC como polo carácter pioneiro de algunhas das accións recollidas e levadas a cabo.

Globalmente pode considerarse que o grao de cumprimento do plan foi dun 80% pois houbo accións que non foi posible realizar ou foron realizadas parcialmente. Non é menos certo que foron acometidas tamén con éxito outras iniciativas non contempladas no mesmo. En todo caso, unha das principais conclusións desta etapa é que a existencia dun plan con obxectivos e responsables claros e dun procedemento de seguimento do mesmo foi un revulsivo cara a realización dunha serie de accións que noutro caso posiblemente non fose posible abordar.

O carácter dinámico das TIC e da Universidade fai que, rematado o período de vixencia do primeiro PETIC, sexan moitos os retos que a USC ten no eido das TIC. Por outra parte, a Comisión Sectorial TIC da *Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas* (CRUE), na que a USC ten unha participación destacada, propuxo un modelo de análise e planificación TIC do Sistema Universitario Español (SUE) co que deberían interaccionar as planificacións de cada universidade. Todo isto fai que sexa conveniente a elaboración dun segundo plan (PETIC-II), que seguirá no seu formato as recomendacións dese modelo.

Metodoloxía de elaboración

Na elaboración do primeiro plan seguiu-se unha metodoloxía baseada na creación de 13 grupos de traballo, nos que interviñeron un total de 138 persoas e celebraron 36 xuntanzas. O resultado dos debates requiriu un importante traballo de síntese antes de quedar plasmado no documento final. Este procedemento, que serviu para incorporar as distintas sensibilidades da comunidade universitaria, resultou extremadamente complexo polo que, para un segundo plan que continuará a tarefa iniciada no primeiro, pareceu aconsellable seguir unha metodoloxía distinta. Por iso, baixo a responsabilidade do Coordinador de Planificación Estratégica en TIC, elaborouse un primeiro borrador, que foi sometido á consideración dunha comisión integrada por persoas con responsabilidades no ámbito das TIC así como representantes de distintos sectores da comunidade universitaria especialmente implicados no tema. Unha vez recollidas as distintas suxestións elaborouse o documento final, aprobado polo Consello de Goberno na súa reunión de 19 de xullo de 2007.

Estrutura e formato do plan

A estrutura do plan axustase, como xa se dixo, ás recomendacións da Comisión Sectorial TIC da CRUE polo que ten os seguintes elementos:

1. Fíxanse seis **liñas estratéxicas** (eixes estratéxicos) que recollen as funcións básicas da universidade (docencia e investigación), os procesos

administrativos e a xestión automatizada da información como soporte aos anteriores e, finalmente, a formación e recursos de soporte ás propias TIC.

2. A continuación defínense os **obxectivos** (27 en total) para cada unha das liñas estratéxicas. Adóptase basicamente a relación que figura no documento CRUE, con lixeiras modificacións en número e redacción.

3. Establecidos os obxectivos, defínense as **accións** necesarias para acadalos. Isto levou a un listado de 74 accións, moitas das cales engloban un conxunto amplo de subaccións, se ben a coherencia da redacción fai aconsellable presentalas de xeito unificado.

4. Coa finalidade de contar con algún mecanismo que permita avaliar as dificultades para conseguir os obxectivos e o grao de realización das accións, fíxase un conxunto de **indicadores**. Cando resultou posible elixíronse entre os 183 do catálogo elaborado pola comisión sectorial TIC da CRUE (<http://www.crue.org/UNIVERSITIC2006/Catalogo%20de%20Objetivos%20e%20Indicadores%20TIC%20del%20SUE%202006.pdf>), pero noutros casos resultou aconsellable definir indicadores propios. Debe resaltarse que hai indicadores que son de tipo cuantitativo mentres que outros son de tipo binario ou cualitativo.

5. Finalmente, unha vez establecidos os distintos elementos, preséntanse do seguinte xeito:

5.1. Un **listado** coas liñas, obxectivos e accións que permitirá ter unha visión de conxunto do plan.

5.2. Información detallada de cada acción seguindo un modelo de **ficha** similar ao incluído no documento CRUE e no que aparece unha descrición da mesma cando o seu nome non é suficientemente explicativo, incluíndo cando procede as fases previstas para a súa realización. Tamén se inclúen en xeral os indicadores e os valores actual e obxectivo dos mesmos. Nalgún caso non é pertinente fixar valores obxectivo polo que se opta simplemente por facer un seguimento do indicador. Seguramente a propia evolución do plan permitirá ao longo da súa execución fixar con mais precisión algún dos obxectivos agora pouco definidos ou, polo contrario, amosará que o actualmente fixado non resulta posible.

Breve resume. Os grandes retos do plan

Se ben a lectura dos 27 obxectivos e as 74 accións resultará suficientemente explicativa, poden resaltarse algúns dos grandes retos:

Na liña 1 apóstase por aumentar a integración das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe, tanto no aspecto presencial, potenciando a dotación de infraestruturas TIC nos espazos docentes, como virtual. Tamén resulta necesario favorecer que os estudantes conten con equipamento propio e facilitarles o uso da rede tanto dentro da USC como dende os seus domicilios, algo que debe ser extensivo ao resto da comunidade universitaria.

Na liña 2 refórzase o papel das TIC na investigación e na súa xestión así como o das bibliotecas, seguindo as liñas marcadas por REBIUN. En particular prevese a creación dun repositorio centralizado de publicacións dixitalizadas e outro do software elaborado polos nosos investigadores.

Na liña 3 abórdase a mellora na automatización da xestión, cunha clara aposta por avanzar na administración electrónica. Moi relacionadas co anterior están algunhas accións incluídas na liña 4, especialmente a previsión sobre a implantación dun sistema de información corporativa, a carencia do cal é unha das debilidades mais importantes que actualmente ten a xestión na USC. Tamén nesta liña se inclúen varias accións de mellora da web, e a implantación de novos medios de comunicación tanto interna como cara á sociedade.

A formación en TIC da comunidade universitaria, incluída a mellora na formación do propio persoal TIC, así como as actividades de formación e difusión orientadas á sociedade, facendo que a USC colabore na diminución da fenda dixital na sociedade galega son algunhas das previsións da liña 5. Tamén o incremento na utilización do software libre, as iniciativas sobre a presenza do galego nas TIC ou o apoio aos discapacitados son cuestións relevantes.

Finalmente, as 17 accións da liña 6 abordan a mellora dos recursos humanos e materiais relacionados coas TIC, sen a que o resto da planificación resultará imposible de executar. Iso e todo o anterior implica por suposto que as TIC contan cunha dotación orzamentaria estable e suficiente. O seguimento do presente plan e a participación da universidade noutras entidades, de ámbito galego, estatal e internacional, continuando o papel protagonista que xa está tendo, completan a liña e o documento.

Catálogo de Obxectivos/Accións para o PETIC-II

Liña 1. Integración das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe	
COD. OBXECT. COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
1.1.A.	Programa de dotación de infraestruturas TIC en espazos docentes
1.1.B.	Intensificar o uso do Campus Virtual
1.1.C.	Consolidar o CETA
1.1.D.	Crear o Campus Virtual do Sistema Universitario Galego
1.1.E.	Incrementar a utilización de software na docencia
OBXECTIVO 1.2. Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
1.2.A.	Mellora das aulas de informática
1.2.B.	Campañas de adquisición de portátiles
1.2.C.	Establecer puntos de recarga para portátiles
1.2.D.	Estender as redes sen fíos, incorporando novos servizos e facilidades
1.2.E.	Acordar con operadores de telefonía condicións especiais para a comunidade universitaria
Liña 2. Investigación e Bibliotecas	
COD. OBXECT. COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 2.1. Poñer a disposición dos investigadores os medios técnicos de uso persoal necesarios para desenvolver o seu traballo	
2.1.A.	Implantar unha ferramenta de traballo colaborativo
OBXECTIVO 2.2. Dispoñer de medios bibliográficos mais accesibles	
2.2.A.	Permitir o acceso a bases de datos e revistas electrónicas dende fóra do espazo físico da USC
2.2.B.	Poñer en práctica as iniciativas da REBIUN
2.2.C.	Dotar de recursos de acceso e documentación ás bibliotecas para apoiar a súa conversión en CRAIS
OBXECTIVO 2.3. Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
2.3.A.	Mellorar a dispoñibilidade de software científico
2.3.B.	Apoiar aos investigadores no acceso a recursos de computación de altas prestacións
2.3.C.	Mellorar as aplicacións de xestión da investigación (producción científica, convocatorias externas, ...), as bases de datos e a explotación das mesmas
2.3.D.	Incorporar novas funcionalidades á OIT Virtual
2.3.E.	Apoio TIC á creación dunha unidade de prospectiva da investigación
OBXECTIVO 2.4. Promover a difusión da actividade investigadora mediante ferramentas TIC	
2.4.A.	Mellorar a difusión da oferta investigadora e da produción científica da universidade a través do portal de investigación.
Liña 3. Procesos de xestión universitaria	
COD. OBXECT. COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 3.1. Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
3.1.A.	Aumentar o número de procesos de xestión que están informatizados
3.1.B.	Revisar e completar as funcionalidades das actuais aplicacións de xestión e implantación doutras novas
3.1.C.	Implantar un programa de xestión dinámica de espazos
3.1.D.	Potenciar un enfoque interuniversitario no desenvolvemento de aplicacións de xestión
3.1.E.	Incrementar as prestacións da TUI para identificación, acceso e pago
OBXECTIVO 3.2. Axilizar e modernizar a atención aos usuarios mediante as tecnoloxías propias da administración electrónica	
3.2.A.	Avanzar na implantación da administración electrónica (con ou sen sinatura dixital)
3.2.B.	Mellorar os procesos de comunicación cos usuarios
3.2.C.	Facilitar os procesos de pagamento electrónico
OBXECTIVO 3.3. Poñer a disposición do persoal de administración e servizos os medios técnicos de uso persoal necesarios para a xestión	
3.3.A.	Actualizar o parque informático do PAS e xestionar sistematicamente o mesmo

Liña 4. Xestión e difusión da información e dos contidos	
COD. OBXECT. COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 4.1.	Dispoñer da información institucional en soporte electrónico para facilitar a súa recollida, organización, almacenamento e difusión
4.1.A.	Estudar a implantación de ferramentas de <i>workflow</i> e arquivo documental dixital
OBXECTIVO 4.2.	Estar en disposición de realizar a xestión do coñecemento institucional baseado en estatísticas, indicadores, cadros de mandos e análises de datos
4.2.A.	Implantar e explotar un sistema de información corporativo, que inclúa un almacén de datos [<i>Data Warehouse</i>]
OBXECTIVO 4.3.	Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional
4.3.A.	Implantar un xestor de contidos que facilite ás distintas unidades e colectivos o desenvolvemento e mantemento dos seus espazos web propios
4.3.B.	Incrementar a usabilidade, accesibilidade e visibilidade da web institucional
4.3.C.	Ampliar os contidos da web potenciando a información cara aos visitantes e usuarios estranxeiros
4.3.D.	Implantar un portal personalizado para cada membro da comunidade universitaria que centralice a entrada a todos os servizos aos que teña acceso
OBXECTIVO 4.4.	Garantir a integración da información ("dato único")
4.4.A.	Implantar un sistema de "identificación única"
4.4.B.	Definir e implantar os mecanismos básicos dun sistema de información central
OBXECTIVO 4.5.	Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade
4.5.A.	Mellorar as ferramentas estatísticas de análise de visitas á web
4.5.B.	Crear o Boletín Electrónico da USC para dar conta de acordos e documentos normativos e dun repositorio estruturado dos mesmos
4.5.C.	Crear unha rede audiovisual de terminais en todos os centros, na que se ofrezca información de actualidade
4.5.D.	Crear unha radio e unha TV por Internet
4.5.E.	Crear unha mediateca ou fondo multimedia que inclúa vídeo, audio e fotografía
4.5.F.	Difundir o patrimonio da Universidade a través das TIC
OBXECTIVO 4.6.	Garantir a seguridade da información e o cumprimento das directivas legais relacionadas co uso de datos persoais e comunicación da información
4.6.A.	Asegurar o cumprimento da normativa sobre protección de datos
4.6.B.	Mellorar a protección física dos datos e dispoñer dun plan de continxencias ante desastres
Liña 5. Formación e cultura TIC	
COD. OBXECT. COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 5.1.	Alcanzar grados adecuados de competencias TIC de maneira extensiva para PAS, PDI e alumnado
5.1.A.	Programa formativo para os distintos sectores da comunidade universitaria, incluíndo oferta presencial e oferta en liña
5.1.B.	Establecer procedementos formais para medir o nivel de competencias TIC da comunidade universitaria
OBXECTIVO 5.2.	Asegurar a formación específica do persoal TIC
5.2.A.	Programa de formación e actualización para o persoal TIC
OBXECTIVO 5.3.	Transferencia de experiencias TIC á sociedade
5.3.A.	Actividades de difusión das TIC na sociedade
5.3.B.	Actividades de I+D+i no ámbito das TIC e transferencia de resultados
OBXECTIVO 5.4.	Facilitar o acceso a ferramentas de software libre e código aberto
5.4.A.	Avanzar no uso, formación e desenvolvemento de software libre
OBXECTIVO 5.5.	Facilitar o acceso a tecnoloxías de uso persoal (incluído no obxectivo 1.2)
5.5.A.	Procedementos formais para analizar o uso das TIC polo alumnado
OBXECTIVO 5.6.	Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC
5.6.A.	Garantir a presenza do galego nas TIC
5.6.B.	Crear un centro documental sobre a discapacidade
5.6.C.	Asegurar o uso correcto das TIC
5.6.D.	Completar o procedemento de retirada e reciclaxe de consumibles e tecnoloxías obsoletas
5.6.E.	Dispoñer dun procedemento para a doazón e reutilización de tecnoloxías noutras institucións

Liña 6. Recursos e organización TIC	
COD. OBXECT.	DESCRICIÓN DO OBXECTIVO
COD. ACCIÓN	DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO 6.1.	Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC
6.1.A.	Seguimento da planificación estratéxica para as TIC
6.1.B.	Aprobar un plan de renovación continua e periódica de toda a infraestrutura TIC
6.1.C.	Asignar e espazos axeitados para os recursos TIC
6.1.D.	Mellora tecnolóxica e de xestión da rede
6.1.E.	Mellora tecnolóxica e de servizos dos sistemas
6.1.F.	Mellora tecnolóxica e de servizos de telefonía
6.1.G.	Crear unha unidade multimedia e implantar servizos asociados (vídeo baixo demanda, extensión da videoconferencia corporativa, ...)
6.1.H.	Garantir o funcionamento continuo das aplicacións e servizos críticos (correo, web, campus virtual, secretaría virtual, ...)
OBXECTIVO 6.2.	Distribución adecuada dos recursos humanos TIC
6.2.A.	Responder ás necesidades de recursos humanos TIC en función dun estudo de cargas, necesidades e funcións
6.2.B.	Aproximar a Área TIC aos centros
OBXECTIVO 6.3.	Establecer un financiamento suficiente, estable e propio para as TIC
6.3.A.	Recoller nos orzamentos partidas específicas para TIC que garantan a execución das accións recollidas na planificación estratéxica
OBXECTIVO 6.4.	Promocionar a calidade dos servizos TIC e implantar plans de mellora
6.4.A.	Incrementar a participación en plans de calidade
OBXECTIVO 6.5.	Aumentar a satisfacción dos usuarios TIC
6.5.A.	Mellorar a atención aos usuarios
6.5.B.	Crear unha nova web da ATIC centrada no usuario como canle de comunicación
6.5.C.	Incrementar o número de análises de satisfacción realizados aos usuarios
OBXECTIVO 6.6.	Colaborar e compartir as experiencias TIC con outras entidades
6.6.A.	Participar activamente na Comisión Sectorial TIC da CRUE e nos seus proxectos
6.6.B.	Participar activamente en consorcios, foros e proxectos comúns con outras institucións

PETIC-II. Fichas das accións

(No caso de utilizar os indicadores CRUE, mantéñense os nomes orixinais aínda que inclúan palabras en castelán)

Liña 1. Integración das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe

Código:	1.1.A	
Nome acción:	Programa de dotación de infraestruturas TIC en espazos docentes	
Descrición/Fases:	Completar a dotación de ordenadores con conexión a Internet e canóns de vídeo nas aulas docentes	
Responsable:	Vic. de Calidade e Planificación, Vic. de Infraestruturas, ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RAULASRED (% aulas con ordenador conectado a Internet)	47	70
RPROYECTORAULA (% aulas con canón)	60	70
Observacións:	Hai mais indicadores CRUE para esta acción	

Código:	1.1.B	
Nome acción:	Intensificar o uso do Campus Virtual	
Descrición/Fases:	Incrementar o número de materias virtualizadas e de PDI implicado. Avaliación pola ACSUG da calidade e recoñecemento ao PDI. Especial esforzo en posgrao. Posibilidade de utilización polo PAS. Require: <ul style="list-style-type: none"> • Formación do PDI • Posible convenio coa ACSUG para avaliación dos cursos • Recoñecemento ao profesorado 	
Responsable:	Vic. de Oferta Docente e EEES, Vic. de Calidade e Planif., Vic. de Profesorado	
Obxectivos que mellora:	1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RPDIDV (% PDI que utiliza o Campus Virtual)	35	55
RASIGNATURASAP (% de materias que utiliza o CV)	16	40
RALUMNOSDV (% alumnos que utiliza o CV)	40	80
RINICIATIVASDV (% iniciativas do catálogo CRUE postas en práctica)	77	85
Observacións:	Acción condicionada a 1.1.C.	

Código:	1.1.C	
Nome acción:	Consolidar o CETA	
Descrición/Fases:	Realización dun estudo de necesidades para establecer a estrutura organizativa e de persoal axeitada	
Responsable:	Xerencia, Vic. de Oferta Docente e EEES	
Obxectivos que mellora:	1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Estudo e execución das súas conclusións		SI

Código:	1.1.D	
Nome acción:	Crear o Campus Virtual do Sistema Universitario Galego	
Descrición/Fases:	<p>Crear un campus virtual compartido ao que cada universidade aportaría un certo número de materias, que poderían ser cursadas (inicialmente como libre elección) polo alumnado das tres universidades. (Tamén se incluíría o posgrao pero este é un tema xa resolto formalmente na actualidade)</p> <p>Fases:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Acordos previos. Aspectos legais e organizativos. Convenios 2. Posta en marcha 3. Incremento no número de materias 	
Responsable:	A Xunta e as tres universidades	
Obxectivos que mellora:	1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación		SI
Número de materias ofrecidas	0	15 (5 por universidade)
Número de alumnos matriculados	0	150 (10 por materia)
Observacións:	Unha vez consolidado deberíase estendelo á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	

Código:	1.1.E	
Nome acción:	Incrementar a utilización de software na docencia	
Descrición/Fases:	<p>Incrementar o número de produtos de software para a docencia e estender o uso dos actuais, realizando as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estudo de necesidades e alternativas • Adquisición, no seu caso • Difusión e apoio no seu uso 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.1. Avanzar na incorporación das TIC á docencia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NSOFTDOCENCIA (Nº produtos utilizados)		
RASIGNATURASAP (% materias que utilizan software na docencia)	12	20

Código:	1.2.A	
Nome acción:	Mellora das aulas de informática	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización dos equipos sobre a base de que a vida útil sexa de (3-5) anos • Ampliación do número de equipos e creación de novas aulas onde se considere necesario • Optimización da xestión. Instalación automatizada de software. Implantación de servizos remotos 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.2 Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% renovación anual		25
Implantación das novas ferramentas de xestión		SI
Observacións:	Inclúense as aulas do SUR	

Código:	1.2.B	
Nome acción:	Campañas de adquisición de portátiles	
Descrición/Fases:	Continuarase coas campañas para facilitar ao alumnado a adquisición de equipamento propio a prezo inferior ao de mercado. Nesta nova etapa tratarase de diversificar e ampliar os modelos de portátiles ofrecidos e aumentar a axuda económica	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.2 Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RPORTATILESPLAN (% de membros da comunidade universitaria que adquire portátil dentro do plan de cada ano)	6% en 2005, 4% en 2006	5% anual
% alumnos con portátil	29 (enquisa outubro 2006)	Incremento do 5% anual
Contía da axuda	150 euros (aportados pola Xunta de Galicia)	200 euros
Nº modelos ofrecidos	2 en cada campaña	Calquera do mercado
Observacións:	Condicionado ao apoio institucional e financiamento externo	

Código:	1.2.C	
Nome acción:	Establecer puntos de recarga para portátiles	
Descrición/Fases:	A utilización habitual dos portátiles na universidade fai necesario contar con puntos de recarga nas dependencias universitarias. Para poñer en marcha esta acción, realizarase un estudo para definir as necesidades elaborando un plan de instalación dos puntos	
Responsable:	Vicerreitoría de Infraestruturas	
Obxectivos que mellora:	1.2. Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nº alumnos con portátil/Nº puntos de recarga		Dependendo dos resultados do estudo realizado

Código:	1.2.D	
Nome acción:	Estender as redes sen fíos, incorporando novos servizos e facilidades	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Completar a cobertura en espazos docentes (aulas, bibliotecas, ...) e estendela ao resto da universidade • Incorporar novos servizos e mellorar a capacidade dos puntos de acceso • Mellora na seguridade: introdución de mecanismos de autenticación e encriptación • Avanzar no proxecto Eduroam para facilitar a mobilidade 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.2. Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RAULASWIFI (% aulas con cobertura wifi)	56	100
RALUMNOSWIFI (Nº alumnos/Capacidade total puntos wifi en espazos comúns)	0.82	Manter sempre inferior a 1

Código:	1.2.E	
Nome acción:	Acordar con operadores de telefonía condicións especiais para a comunidade universitaria	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	1.2. Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Convenio	NON	SI
Nº persoas da comunidade universitaria que o utilicen	0	Seguimento para avaliar o impacto da acción

Liña 2. Investigación e Bibliotecas

Código:	2.1.A	
Nome acción:	Implantar unha ferramenta de traballo colaborativo	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Rematar a fase de proba piloto • Implantación • Extensión do seu uso 	
Responsable:	CETA	
Obxectivos que mellora:	2.1 Poñer a disposición dos investigadores os medios técnicos de uso persoal necesarios para desenvolver o seu traballo	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación	NON	SI
RPDIHCOLABORA (% PDI que ten acceso)	0	100
% PDI usuario	0	10

Código:	2.2.A	
Nome acción:	Permitir acceso a bases de datos e revistas electrónicas dende fóra do espazo físico da USC	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Solucións técnicas e implantación • Difusión 	
Responsable:	ATIC e Biblioteca	
Obxectivos que mellora:	2.2 Dispoñer de medios bibliográficos mais accesibles	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación	NON	SI
% do PDI usuario	0	10
% accesos externos	0	10

Código:	2.2.B	
Nome acción:	Poñer en práctica as iniciativas da REBIUN	
Descrición/Fases:	Poñer en práctica as iniciativas recollidas no plano estratéxico da REBIUN. En particular, incrementar os materiais dixitalizados da BUSC incluíndo un repositorio de publicacións electrónicas, de acordo coas seguintes fases: <ol style="list-style-type: none"> 1. Creación do repositorio 2. Inclusión das publicacións periódicas da USC e dos materiais xa dixitalizados, teses e proxectos fin de carreira 3. Inclusión de publicacións dos docentes e investigadores da USC 	
Responsable:	Biblioteca, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico	
Obxectivos que mellora:	2.2 Dispoñer de medios bibliográficos mais accesibles 2.4 Promover a difusión da actividade investigadora mediante ferramentas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación repositorio		SI
Nº de publicacións (traballos)	0	500 anuais
Nº de accesos	0	Non se fixa inicialmente obxectivo pero estudarase a evolución
Observacións:	Para o resto das iniciativas REBIUN non citadas explicitamente, utilizaranse os indicadores CRUE correspondentes	

Código:	2.2.C	
Nome acción:	Dotar de recursos de acceso e documentación ás bibliotecas para apoiar a súa conversión en CRAIS	
Descrición/Fases:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Definir e avaliar os servizos que debe incluír un CRAI 2. Dotación dos recursos TIC necesarios nas unidades creadas en Lugo e Santiago 	
Responsable:	Vic. de Investigación e Innovación	
Obxectivos que mellora:	1.2. Proporcionar infraestrutura tecnolóxica compartida e facilitar a adquisición e uso da propia 2.1 Poñer a disposición dos investigadores os medios técnicos de uso persoal necesarios para desenvolver o seu traballo	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nº unidades CRAI dotadas	0	4

Código:	2.3.A	
Nome acción:	Mellorar a dispoñibilidade de software científico	
Descrición/Fases:	Trátase no só de poñer a disposición dos investigadores o software necesario senón tamén de contar cun modelo de apoio na súa utilización, seguindo a liña xa marcada co Sistema de Información Territorial (SIT). En concreto, propónse: <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación da necesidade de novo software e adquisición, no seu caso, do mesmo • Extensión do SIT ao nivel galego en colaboración coa Xunta e as outras universidades • Definición de áreas que requiren unidades de apoio e creación das mesmas dentro da RIAIDT 	
Responsable:	Vic. de Investigación e Innovación, ATIC	
Obxectivos que mellora:	2.3 Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NSOFTINVESTIGA (Nº produtos)	29	35
Nº usuarios do software		Seguimento para cada produto, cando resulte tecnicamente posible
Nº unidades de apoio creadas	1	2
Nº usuarios das unidades		Seguimento
Nº asesoramentos realizados		Seguimento

Código:	2.3.B	
Nome acción:	Apoiar aos investigadores no acceso a recursos de computación de altas prestacións	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> Seguimento da utilización do Cesga por investigadores da USC para avaliar e solucionar os problemas que poidan presentarse. Difusión das posibilidades que ofrece. Apoio aos grupos de investigación, priorizando as solicitudes de infraestrutura GRID propia. 	
Responsable:	Vic. de Investigación e Innovación, ATIC	
Obxectivos que mellora:	2.3 Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nº de investigadores que utilizan o Cesga	151 226 contas	Seguimento
Tempo de máquina utilizado	694.000 horas (45% do total do Cesga)	Seguimento
Nº equipos GRID a disposición de grupos da investigación		Seguimento

Código:	2.3.C	
Nome acción:	Mellorar as aplicacións de xestión da investigación (producción científica, convocatorias externas, ...), as bases de datos e a explotación das mesmas	
Descrición/Fases:	<ol style="list-style-type: none"> Integración de bases de datos Desenvolvemento de aplicacións de explotación dos datos 	
Responsable:	Vic. Investigación e Innovación, ATIC	
Obxectivos que mellora:	2.3 Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Unificación área económica	NON	SI
Unificación área de persoal	NON	SI
Realización das aplicacións	NON	SI

Código:	2.3.D	
Nome acción:	Incorporar novas funcionalidades á OIT Virtual	
Descrición/Fases:	Despois das recentes melloras na xestión de convocatorias internas e na xestión económica das actividades, completaranse os procedementos, especialmente os relacionados coa xestión de convocatorias externas	
Responsable:	Vic. Investigación e Innovación, ATIC	
Obxectivos que mellora:	2.3 Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nº procedementos novos		4
Xestión de solicitudes de convocatorias externas	NON	SI

Código:	2.3.E	
Nome acción:	Apoio TIC á creación dunha unidade de prospectiva da investigación	
Descrición/Fases:	A creación da unidade require estandarizar bases de datos e crear ferramentas que permitan a explotación tanto interna da Vicerreitoría como polos investigadores así como harmonizar a información das bases de datos coas iniciativas das axencias de financiamento da I+D	
Responsable:	Vic. Investigación e Innovación	
Obxectivos que mellora:	2.3 Proporcionar medios técnicos centralizados de apoio á investigación	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Dependerán da definición da unidade e dos observatorios da produción científica		

Código:	2.4.A	
Nome acción:	Mellorar a difusión da oferta investigadora e da produción científica da universidade a través do portal de investigación.	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Aumentar a información dispoñible a nivel centralizado e mellorar a súa presentación • Potenciar a difusión do traballo dos grupos de investigación a través das webs propias • Creación dun portal para a difusión do software desenvolvido polos grupos de investigación da USC 	
Responsable:	Vic. Investigación e Innovación, Oficina Web	
Obxectivos que mellora:	2.4 Promover a difusión da actividade investigadora mediante ferramentas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RGRUPOSINWEB (% grupos de investigación con web institucional)		100
Incremento no nº accesos ao portal de investigación dende fora da USC		20% anual
% de produtos no portal de software sobre os rexistrados pola USC	0	50

Liña 3. Procesos de xestión universitaria

Código:	3.1.A	
Nome acción:	Aumentar o número de procesos de xestión que están informatizados	
Descrición/Fases:	Tratase de incrementar o número de procesos de xestión que están informatizados en relación aos incluídos no Anexo 1 do Catálogo de Obxectivos e Indicadores TIC da CRUE. Esta acción inclúese para avaliar de maneira homoxénea co resto das universidades o grao de informatización dos procesos de xestión e desenvólvese nas seguintes desta liña.	
Responsable:	Equipo de Goberno e ATIC	
Obxectivos que mellora:	3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NPROCESOSAUTO (Nº procesos automatizados, sobre 45)	32	45

Código:	3.1.B	
Nome acción:	Revisar e completar as funcionalidades das actuais aplicacións de xestión e implantación doutras novas	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar os procedementos administrativos • Establecer a tramitación telemática dos procedementos da USC • Novo modelo de aplicación de rexistro • Prestar novos servizos a través da web para os alumnos • Novo modelo e aplicación de xestión de persoal • Consolidar a aplicación de xestión económica • Implantar un sistema de xestión de expedientes • Incrementar procedementos de xestión académica informatizados 	
Responsable:	Vic. Calidade e Planif., Sec. Xeral, Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Para cada sub-acción	NON	SI
Observacións:	Esta acción desenvolverase de acordo coas necesidades de implantación do EEES	

Código:	3.1.C	
Nome acción:	Implantar un programa de xestión dinámica de espazos	
Descrición/Fases:	1. Elaborar e aprobar criterios para a xestión de espazos. Recollida de datos 2. Desenvolver unha aplicación. Fase piloto 3. Implantar	
Responsable:	Vic. Infraestruturas	
Obxectivos que mellora:	3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación	NON	SI

Código:	3.1.D	
Nome acción:	Potenciar un enfoque interuniversitario no desenvolvemento de aplicacións de xestión	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> En particular, consolidar o consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión e incorporar novos membros Novos desenvolvementos informáticos de xestión comúns para o SUG 	
Responsable:	Reitor	
Obxectivos que mellora:	3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Extensión do consorcio		SI
Nº aplicacións		Segundo acordos das institucións

Código:	3.1.E	
Nome acción:	Incrementar as prestacións da TUI para identificación, acceso e pago	
Descrición/Fases:	Universalización da TUI como soporte de todos os servizos que requiren identificación, control de acceso ou pago. En particular: <ul style="list-style-type: none"> Incrementar o uso para o acceso a ordenadores Acceso a dependencias Incrementar os pagos (difusión, descontos, ...) Sinatura electrónica Extensión dos actuais servizos e implantación doutros novos 	
Responsable:	Equipo de Goberno e ATIC	
Obxectivos que mellora:	3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria 3.2 Axilizar e modernizar a atención aos usuarios mediante tecnoloxías propias da administración electrónica	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nº servizos que requiren/permiten tarxeta	8	17
Observacións:	Ademais de mellorar os obxectivos 3.1 e 3.2 interacciona con accións vinculadas a outros obxectivos como o 1.2 ou o 2.2	

Código:	3.2.A	
Nome acción:	Avanzar na implantación da administración electrónica (con ou sen sinatura dixital)	
Descrición/Fases:	1. Definir procesos. Creación do rexistro telemático. Implantación da sinatura dixital. Implantación das certificacións dixitais. 2. Aumentar a prestación de servizos a través da rede: Novas funcionalidades na Secretaría virtual do alumno. Portal do empregado. Portal de provedores. Convocatoria e documentación de órganos colexiados	
Responsable:	Sec. Xeral, Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	3.2 Axilizar e modernizar a atención aos usuarios mediante tecnoloxías propias da administración electrónica 3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% usuarios con sinatura dixital		80% PDI, 100% PAS
Nº procesos nos portais		Segundo definicións

Código:	3.2.B	
Nome acción:	Mellorar os procesos de comunicación cos usuarios	
Descrición/Fases:	Xeneralizar as notificacións por SMS e por correo electrónico	
Responsable:	Sec. Xeral, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	3.2 Axilizar e modernizar a atención aos usuarios mediante tecnoloxías propias da administración electrónica	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% estudantes no sistema de SMS	80	100
Nº procesos notificados por SMS	5	10

Código:	3.2.C	
Nome acción:	Facilitar os procesos de pagamento electrónicos	
Descrición/Fases:	Pagamento con calquera tarxeta e pasarela de pago: <ul style="list-style-type: none"> • Acordo de pasarela de pago: 2008 • Implantación e posta en funcionamento: 2009 	
Responsable:	Sec. Xeral, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	3.2 Axilizar e modernizar a atención aos usuarios mediante tecnoloxías propias da administración electrónica	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación	NON	SI

Código:	3.3.A	
Nome acción:	Actualizar o parque informático do PAS e xestionar sistematicamente o mesmo	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Vic. de Infraestruturas, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	3.3 Poñer a disposición do persoal de administración e servizos os medios técnicos de uso persoal necesarios para a xestión	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% de renovación anual		25
Escritorio estandarizado para o PAS	NON	SI
Observacións:	Acción continua, dependendo dos orzamentos	

Liña 4. Xestión e difusión da información e dos contidos

Código:	4.1.A.	
Nome acción:	Estudar a implantación de ferramentas de <i>workflow</i> e arquivo documental dixital	
Descrición/Fases:	1. Realización do estudo 2. Posible implantación	
Responsable:	Sec. Xeral, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.1 Dispoñer da información institucional en soporte electrónico para facilitar a súa recollida, organización, almacenamento e difusión	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Realización estudo		SI
BAPLIFLOW (Implantación <i>workflow</i>)	NON	Dependendo do estudo
BAPLIARCHIVO (Implantación arquivo)	NON	Dependendo do estudo

Código:	4.2.A.	
Nome acción:	Implantar e explotar un sistema de información corporativo, que inclúa un almacén de datos [Data Warehouse]	
Descrición/Fases:	Implantar un sistema de información corporativo, baseado en técnicas de xestión do coñecemento, que debería permitir: <ul style="list-style-type: none"> • Integrar toda a información relevante para a institución • Proporcionar unha visión oficial, fiable, actualizada e única da realidade, baseada nun modelo validado por toda a universidade • Aportar ás distintas unidades estruturais a información que necesiten para os seus cometidos 	
Responsable:	Vic. Calidade e Planificación, Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.2 Estar en disposición de realizar a xestión do coñecemento institucional baseado en estatísticas, indicadores, cadros de mandos e análises de datos 3.1 Dispoñer de aplicacións informáticas para os procesos de xestión universitaria	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BAPLIDWH (Implantación DW)	NON	SI
NINFORMESDWH (Nº informes dispoñibles)	0	Segundo análise previo á implantación

Código:	4.3.A	
Nome acción:	Implantar un xestor de contidos que facilite ás distintas unidades e colectivos o desenvolvemento e mantemento dos seus espazos web propios	
Descrición/Fases:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Selección xestor 2. Implantación. Elaboración "Plantillas" 3. Formación 4. Extensión do seu uso 	
Responsable:	Oficina Web, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BGESTORCONTENIDOS (Implantación xestor)	NON	SI
RUGESCONTEN (% unidades que o usan)	0	100 (sobre as que teñan web)
% de webs que o usan	0	100
Observacións:	Nesta acción inclúese a implantación de ferramentas de xestión de <i>blogs</i> e <i>wikis</i>	

Código:	4.3.B	
Nome acción:	Incrementar a usabilidade, accesibilidade e visibilidade da web institucional	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Oficina Web, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional 4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% de páxinas que acadan os niveis AA e AAA	Na parte da web elaborada pola oficina web 100% AAA. No resto practicamente 0	100% AAA en páxinas institucionais 100% AA toda a web
% de incremento no nº de visitas á Web		20% anual
% de incremento no nº de páxinas indexadas en buscadores		20% anual
Observacións:	A súa análise require a implantación xeneralizada dunha ferramenta única de estatísticas, actualmente só no servidor central (Acción 4.5.A)	

Código:	4.3.C	
Nome acción:	Ampliar os contidos da web potenciando a información cara aos visitantes e usuarios estranxeiros	
Descrición/Fases:	A estrutura e organización da versión en inglés da web redeseñarase para os seus potenciais usuarios: estudantes que desexen información sobre a USC, docentes e investigadores e responsábeis de xestión estranxeiros que necesiten información sobre a nosa institución. Fases: 1. Crear un grupo de traballo constituído por estudantes internacionais (<i>in/out</i>), coordinadores Erasmus, persoal da ORE e responsables da Oficina Web, que determinen os contidos necesarios para cubrir as necesidades básicas de información dos estudantes e demais usuarios estranxeiros. 2. Redeseñar a versión en inglés da web en función do sinalado polo grupo de traballo.	
Responsable:	Vic. de Relacións Institucionais (Oficina Web, ORE)	
Obxectivos que mellora:	4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional 4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nova versión do portal en inglés		SI
% de visitantes á web procedentes do estranxeiro	Estimación: 40% (Incluindo dominios xenéricos) (ano 2006)	Manter cando menos
% de incremento no número de páxinas visitadas dende o estranxeiro		20% anual
Observacións:	A súa análise require a implantación xeneralizada dunha ferramenta única de estatísticas, actualmente só no servidor central (Acción 4.5.A)	

Código:	4.3.D	
Nome acción:	Implantar un portal personalizado para cada membro da comunidade universitaria que centralice a entrada a todos os servizos aos que teña acceso	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Oficina Web, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación	NON	SI
Observacións:	Require rematar a implantación da "identificación única " (Acción 4.4.A)	

Código:	4.4.A	
Nome acción:	Rematar a implantación do sistema de "identificación única"	
Descrición/Fases:		
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.4 Garantir a integración da información ("dato único")	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BLOGINUNICO (Implantación)	NON	SI
% de procesos que requiren identificación que o utilizan	0	100

Código:	4.4.B	
Nome acción:	Definir e implantar os mecanismos básicos dun sistema de información central	
Descrición/Fases:	Despois da análise de datos e aplicacións, tratarase de implantar un sistema de información central e incorporar ao mesmo os procesos de xestión universitaria que se considere oportuno en relación aos que se recollen no Anexo 1 do Catálogo de Obxectivos e Indicadores TIC da CRUE	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.4 Garantir a integración da información ("dato único")	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Implantación		SI
NAPLINTEGRA (Nº de procesos do catálogo integrados)		A determinar segundo análise e desenvolvemento

Código:	4.5.A	
Nome acción:	Mellorar as ferramentas estatísticas de análise de visitas á web	
Descrición/Fases:	Implantar e utilizar unha ferramenta de análise de visitas común a todos os servidores web	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% de servidores coa ferramenta		100

Código:	4.5.B	
Nome acción:	Crear o Boletín Electrónico da USC para dar conta de acordos e documentos normativos e dun repositorio estruturado dos mesmos	
Descrición/Fases:	<p>A función dun boletín electrónico de información da USC é a de que todos os membros se sintan informados das accións xerais da universidade no referido a convocatorias, actividades e decisións administrativas. Sen prexuízo da existencia doutros boletíns temáticos (coma o de convocatorias de investigación) o boletín xeral debe ser un substituto das mensaxes de difusión que de cote se envían a toda a comunidade universitaria.</p> <p>Actuacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Creación da ferramenta informática 2. Publicación das normas básicas 3. Programa de participación da Comunidade Universitaria 4. Implantación do novo sistema 	
Responsable:	Reitor, Vic. de Relacións Institucionais, Sec. Xeral	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade 4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación do Boletín		SI
Realización de enquisa de satisfacción		SI

Código:	4.5.C	
Nome acción:	Crear unha rede audiovisual de terminais en todos os centros, na que se ofrezca información da actualidade	
Descrición/Fases:	<p>Todos os centros da USC xeran diariamente unha importante cantidade de información, que habitualmente chega aos usuarios a través de notificacións escritas no taboleiro. O obxectivo desta acción do plan plurianual é o de aumentar a eficacia destas informacións cun sistema audiovisual que publicite os avisos que cada día se xeren dentro da USC e que son de interese para a comunidade universitaria, especialmente o estudantado.</p> <p>Fases:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Acordo con empresas interesadas na explotación do servizo 2. Creación do sistema de produción de información na USC 3. Instalación dos soportes audiovisuais 	
Responsable:	Reitor, Vic. de Relacións Institucionais, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade 4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación da rede		SI
Nº pantallas nos centros	12	40

Código:	4.5.D	
Nome acción:	Crear unha radio e unha TV por Internet	
Descrición/Fases:	<p>Creación dunha radio por Internet como alternativa ou como complemento á posible creación dunha radio convencional. Creación dunha TV por Internet.</p> <p>Etapas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Reaxuste dos mecanismos de produción e creación que ten na actualidade a USC (Gabinete de Comunicación, Servimav, Facultade de Ciencias da Comunicación, Vicerreitoría de Investigación,) 2. Creación dos sistemas de difusión, servidores informáticos, 3. Plan de participación da comunidade universitaria. É preciso elaborar un sistema para canalizar a participación da comunidade universitaria na información que se divulga desde a USC. 	
Responsable:	Reitor, Vic. de Relacións Institucionais, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade 4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación radio		SI
Creación TV		SI
Nº oíntes/ Nº visitas	0	3.000 diarias

Código:	4.5.E.	
Nome acción:	Crear unha mediateca ou fondo multimedia que inclúa vídeo, audio e fotografía	
Descrición/Fases:	<p>Creación dun sistema de almacenaxe e consulta dos materiais gráficos e audiovisuais que se xeran na USC diariamente. O sistema de consulta sería a través dunha ferramenta telemática</p> <p>Fases:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Creación da aplicación informática 2. Carga de contidos 3. Información sobre o servizo 4. Posta en marcha 	
Responsable:	Reitor, Vicerreitoría de Relacións Institucionais, ATIC (Servimav), Secretaría Xeral	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade 4.3 Dispoñer de políticas de comunicación e publicación da información. Mellorar a web institucional	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación mediateca		SI
Nº arquivos dispoñibles	0	10.000
Nº arquivos visitados	0	3000 mensuais

Código:	4.5.F	
Nome acción:	Difundir o patrimonio da Universidade a través das TIC	
Descrición/Fases:	Difusión do patrimonio científico, histórico, artístico, cultural e natural da USC a través de iniciativas como o Museo Universitario Eurorrexional	
Responsable:	Vic. de Cultura	
Obxectivos que mellora:	4.5 Facer dos medios telemáticos a principal vía de comunicación e de proxección exterior da Universidade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación do Museo Universitario Eurorrexional		SI

Código:	4.6.A	
Nome acción:	Asegurar o cumprimento da normativa sobre protección de datos	
Descrición/Fases:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Auditoría da situación actual 2. Solución dos problemas detectados 3. Permanente seguimento e actualización 4. Accións de difusión 	
Responsable:	Sec. Xeral, ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.6 Garantir a seguridade da información e o cumprimento das directivas legais relacionadas co uso de datos persoais e comunicación da información	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Realización de auditoría	NON	SI. Solución dos problemas detectados antes dunha nova auditoría
Nº xornadas de difusión		1 por campus cada ano
Observacións:	Os aspectos relacionados coa seguridade física dos datos están condicionados por 6.1.C e 4.6.B	

Código:	4.6.B	
Nome acción:	Mellorar a protección física dos datos e dispoñer dun plan de continxencias ante desastres	
Descrición/Fases:	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implantación dun plan de continxencia 2. Mellora e extensión do sistema de copias de seguridade, establecendo novos procedementos 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	4.6 Garantir a seguridade da información e o cumprimento das directivas legais relacionadas co uso de datos persoais e comunicación da información	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BPLNCONTINGENCIA (Plan de continxencia)	NON	SI
BPLANCOPIAS (Plan de copias de seguridade)	SI	Manter (SI)
Extensión do plan de copias de seguridade		SI

Liña 5. Formación e cultura TIC

Código:	5.1.A	
Nome acción:	Programa formativo para os distintos sectores da comunidade universitaria, incluíndo oferta presencial e oferta en liña	
Descrición/Fases:	En relación coa situación actual é conveniente revisar e diversificar a oferta, de acordo cunha análise de necesidades, así como introducir unha oferta estable utilizando teleformación, establecendo ademais procedementos para o recoñecemento formal da mesma.	
Responsable:	Vic. de Oferta Docente e EEES, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	5.1 Alcanzar grados adecuados de competencias TIC de maneira extensiva para PAS, PDI e alumnado	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
% de atención á demanda de formación básica		100
Completar a oferta de Teleformación		SI
Recoñecemento da Teleformación	NON	SI
Observacións:	<ul style="list-style-type: none"> Incluiranse accións formativas acerca de boas prácticas no uso das TIC, en relación coa acción 5.6.C Analizaranse tamén os indicadores CRUE 	

Código:	5.1.B	
Nome acción:	Establecer procedementos formais para medir o nivel de competencias TIC da comunidade universitaria	
Descrición/Fases:	<p>Nesta acción inclúense as seguintes actuacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> Establecer procedementos formais para medir o nivel de competencias TIC do alumnado, tanto ao inicio da súa vida universitaria como ao longo da mesma. Establecer procedementos formais para medir o nivel de competencias TIC do PAS e do PDI. <p>Os procedementos poden basearse en:</p> <ul style="list-style-type: none"> Realización de enquisas ao longo da vida universitaria Realización de probas de certificación 	
Responsable:	Vic. de Oferta Docente e EEES, Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.1 Alcanzar grados adecuados de competencias TIC de maneira extensiva para PAS, PDI e alumnado	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Realización enquisas ao alumnado	SI	Manter (SI). Estudar evolución ao longo da vida universitaria
Id. PAS/PDI	NON	SI
Realización de probas de certificación	NON	SI
Nº persoas con certificación		Seguimento

Código:	5.2.A	
Nome acción:	Programa de formación e actualización para o persoal TIC	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Establecerase un programa de cursos tecnolóxicos que incluíra actividades presenciais e de autoformación • Potenciarase a autoformación e a socialización de coñecementos adquiridos por vía externa 	
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.2 Asegurar a formación específica do persoal TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NCPERSONALTIC (Nº de cursos)	5	A establecer no programa
% de persoal que asistiu a cursos		40% no 2010
Recoñecemento da Teleformación	NON	SI
Incremento nos orzamentos dedicados á formación		20% anual
Observacións:	Hai outros indicadores CRUE baseados nos fondos dedicados a esta formación	

Código:	5.3.A	
Nome acción:	Actividades de difusión das TIC na sociedade	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Colaboración coas iniciativas tendentes a diminuír a fenda dixital na sociedade galega, e posibles accións propias • Atención especial as PEMES no marco da actuación da Aula TIC-PEMES • Accións de dinamización con foros e congresos (e-Gallaecia, ...) • Impulso do Campus en Rede da Fundación CEER (Centro de Estudos Eurorrexionais) • Identificación de oportunidades e promoción da conformación de Redes de Coñecemento a través da difusión do uso das TIC e dos fluxos de información que se establezan entre a comunidade universitaria e a sociedade 	
Responsable:	Reitor, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.3 Transferencia de experiencias TIC á sociedade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NEVENTOSTIC (Nº actividades)	5	8
Nº membros comunidade universitaria eurorrexional usuarios servizos CEER	3.000	150.000 (140.000 estudantes, 10.000 profesores e investigadores das 6 universidades públicas da eurorrexión)

Código:	5.3.B	
Nome acción:	Actividades de I+D+i no ámbito das TIC e transferencia de resultados	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Convenios e contratos de I+D+i para transferencia de experiencias TIC • Apoio á creación de empresas TIC • Apoio a iniciativas de investigación en TIC e Sociedade 	
Responsable:	Vic. de Investigación e Innovación	
Obxectivos que mellora:	5.3 Transferencia de experiencias TIC á sociedade	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NCONVENIOSTIC (Nº convenios e contratos)	30	35
Nº empresas creadas		

Código:	5.4.A	
Nome acción:	Avanzar no uso, formación e desenvolvemento de software libre	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de difusión e fomento do uso do software libre • Cursos de formación sobre software libre • Favorecer o desenvolvemento de aplicacións utilizando software libre • Tender a unha substitución progresiva de software propietario por software libre nos ordenadores da USC 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.4 Facilitar o acceso a ferramentas de software libre e código aberto	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
RORDENASOFL(% de ordenadores con SO de software libre instalado)	8.5	50
RSOFTLIBRE (% de produtos de software libre en explotación)		Seguimento
Observacións:	Esta acción interacciona coas relacionadas coa implantación de software en todas as liñas do plan	

Código:	5.5.A	
Nome acción:	Procedementos formais para analizar o uso das TIC polo alumnado	
Descrición/Fases:	Tanto a planificación propia da USC como a global do SUE, requiren contar con procedementos formais para analizar o uso das TIC polo alumnado e, en particular, o número de estudantes que dispoñen de ordenador (fixo ou portátil) propio. Para iso, continuarase coa enquisa realizada ao alumnado en relación co uso das TIC, mellorando a súa análise e estudando a evolución dos distintos aspectos de uso, formación, medios, etc. cara a detectar os problemas existentes e tomar medidas para a súa solución	
Responsable:	Vic. de Calidade e Planificación, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.5 Facilitar o acceso a tecnoloxías de uso persoal (incluído no obxectivo 1.2)	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Realización enquisa	SI	Manter (SI)

Código:	5.6.A	
Nome acción:	Garantir a presenza do galego nas TIC	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Avanzar na utilización de software en galego <ul style="list-style-type: none"> ○ Implantar software en galego e aplicacións que melloran o seu uso nos ordenadores da USC ○ Difundir o software en galego, creando unha páxina web de información e axuda ○ Favorecer a presenza do galego no software desenvolvido na USC ○ Colaborar coas iniciativas externas de creación de software en galego • Garantir a calidade lingüística dos recursos TIC (Software, Páxinas Web, Campus Virtual, ...) • Avanzar na utilización do galego na formación TIC, tanto na docencia como nos materiais • Ofrecer formación e recursos virtuais sobre o uso de ferramentas TIC para a mellora da calidade lingüística en galego • Contribuír coa utilización das TIC á mellora da calidade lingüística da documentación elaborada na USC 	
Responsable:	Servizo de Normalización Lingüística, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.6 Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Para cada subacción	Seguimento individualizado	
Observacións:	Polo seu carácter, esta acción mellora as relacionadas cos distintos recursos TIC, desenvolvemento de aplicacións, formación, etc.	

Código:	5.6.B	
Nome acción:	Crear un centro documental sobre a discapacidade	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Vic. de Comunidade Universitaria e Compromiso Social	
Obxectivos que mellora:	5.6 Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación centro		SI

Código:	5.6.C	
Nome acción:	Asegurar o uso correcto das TIC	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Completar o desenvolvemento regulamentario da normativa de uso das TIC e asegurar o seu cumprimento • Elaboración dunha guía de boas prácticas no uso das TIC e difusión da mesma • Actividades de formación 	
Responsable:	Sec. Xeral, ATIC	
Obxectivos que mellora:	5.6 Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Completar desenvolvemento regulamentario		SI
Elaboración dunha guía de boas prácticas		SI
Observacións:	Esta acción é complementaria de 4.6.A.	

Código:	5.6.D	
Nome acción:	Completar o procedemento de retirada e reciclaxe de consumibles e tecnoloxías obsoletas	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Xerencia, Vic. de Calidade e Planificación	
Obxectivos que mellora:	5.6 Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BPLANRECICLA (Existencia plan)	SI	Manter (SI)
% de retirada e reciclaxe		100%
Observacións:	A pesar de que xa exista un plan, inclúese a acción debido á evolución da normativa legal	

Código:	5.6.E	
Nome acción:	Dispoñer dun procedemento para a doazón e reutilización de tecnoloxías noutras institucións	
Descrición/Fases:	Tratarase de contar, cumprindo coa normativa legal, con procedementos que faciliten a doazón de tecnoloxías que, estando en bo uso, xa non son de utilidade na USC	
Responsable:	Xerencia	
Obxectivos que mellora:	5.6 Promover o uso adecuado, ético e solidario das TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BPLANDONADO (Existencia plan)	SI	Manter (SI)
Observacións:	A pesar de que xa exista un plan, inclúese a acción debido á evolución da normativa legal	

Liña 6. Recursos e organización TIC

Código:	6.1.A	
Nome acción:	Seguimento da planificación estratéxica para as TIC	
Descrición/Fases:	Unha vez aprobado o Plan Estratéxico de TIC, farase o seguimento da execución do mesmo, incentivando a realización das distintas accións e detectando os problemas que poidan presentarse	
Responsable:	Coordinador de Planificación Estratéxica en TIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Informes semestrais		SI
% de execución do Plan		100

Código:	6.1.B	
Nome acción:	Aprobar un plan de renovación continua e periódica de toda a infraestrutura TIC	
Descrición/Fases:		
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
BPLANRENOVE (Aprobación plan)	NON	SI
% execución		100
Observacións:	Realización condicionada a orzamentos	

Código:	6.1.C	
Nome acción:	Asignar espazos axeitados para os recursos TIC	
Descrición/Fases:	Tanto os recursos humanos como os medios técnicos da Área TIC están actualmente en espazos que resultan insuficientes e inadecuados, o que afecta ás condicións de traballo e a eficiencia e seguridade dos equipos. Requírese contar con novos espazos, adecuar os actuais e novas instalacións para o CPD	
Responsable:	Vic. Infraestruturas	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Adecuación espazos		SI
Novo CPD		SI
% de incremento en superficie		30% (en 2010)

Código:	6.1.D	
Nome acción:	Mellora tecnolóxica e de xestión da rede	
Descrición/Fases:	Incrementar a seguridade e a fiabilidade. Migración da arquitectura tecnolóxica. En particular: <ul style="list-style-type: none"> • Aumento da capacidade troncal (de 1 Gb a 10 Gb) e cambio do enlace Lugo-Santiago de 155 Mb en ATM a 1 Gb en Xigabit Ethernet • Dispoñibilidade da rede troncal LAN: pasar ao 99,9% (menos de 8,76 horas/ano de corte total) • Posibilidade de creación de perfiles para o uso da LAN con asignación automática de calidade de servizo • Implantación dun sistema de automatización da resposta ante incidentes de seguridade na rede • Implantación do servizo de acceso remoto 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Capacidade troncal	1 Gb	10 Gb
Enlace Lugo-Santiago	155 Mb ATM	1Gb Xigabit Ethernet
Resto propostas	NON	SI

Código:	6.1.E	
Nome acción:	Mellora tecnolóxica e de servizos dos sistemas	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Mellora das prestacións dos sistemas actuais: <ul style="list-style-type: none"> ○ Reorganización do correo electrónico, ampliación de cotas, creación dun sistema automatizado de carpetas para o correo lixo e melloras na detección do mesmo. ○ Informes periódicos de indisponibilidade de servizos ○ Implantación dun sistema de backup semicontínuo (<i>snapshots</i>) • Novos servizos: <ul style="list-style-type: none"> ○ Calendario empresarial baseado en estándares, ferramentas colaborativas en rede, sincronización de sistemas colaborativos con aplicacións de escritorio e sistemas móbiles ○ Sistema central de xestión de identidades ○ Integración de servizos (carpetas, páxinas web, transferencia de arquivos, ...) 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Cotas de correo	20 MB (media)	2007: 100 MB 2008-2010: Segundo evolución da demanda e da tecnoloxía
Automatización carpetas SPAM		2007: Implantación 2008-2010: Mellora regras e efectividade
Resto propostas	NON	SI

Código:	6.1.F	
Nome acción:	Mellora tecnolóxica e de servizos de telefonía	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Dotar á rede de voz da USC dun sistema centralizado de <i>buzóns de voz</i> • Posibilitar a consulta en liña do gasto telefónico das extensións fixas • Sistema de telefonía DECT IP para o Campus Lugo • Equipar a rede de voz da USC con extensións e teléfonos IP • Incrementar o número de extensións con servizo de identificación de chamadas entrantes 	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Para cada subacción	Seguimento da implantación ou mellora	

Código:	6.1.G	
Nome acción:	Crear unha unidade multimedia e implantar servizos asociados (vídeo baixo demanda, extensión da videoconferencia corporativa, ...)	
Descrición/Fases:	A actividade docente e investigadora así como de comunicación institucional require cada vez mais de ferramentas multimedia o que, ademais das actuacións previstas en 4.5.D e 4.5.E, aconsella a creación dunha unidade axeitada e a ampliación e mellora do equipamento actualmente existente	
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Creación unidade NVCONFERENCIA		SI
(Nº salas con servizo de videoconferencia a disposición de toda a comunidade)	4	8 en 2010

Código:	6.1.H	
Nome acción:	Garantir o funcionamento continuo das aplicacións e servizos críticos (correo, web, campus virtual, secretaría virtual, ...)	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Alta dispoñibilidade (redundancia) dos servidores • Recursos humanos para unha atención 24x7 <ul style="list-style-type: none"> ○ Estudo organizativo ○ Implantación 	
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.1 Dispoñer dunha planificación estratéxica e de mellora dos servizos e infraestruturas TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Recursos humanos 24x7	NON	SI
Redundancia servidores críticos	NON	SI
Grupo electróxico no CPD	NON	SI
Observacións:	Acción condicionada á 6.1.C, 6.1.D e 6.1.E	

Código:	6.2.A	
Nome acción:	Responder ás necesidades de recursos humanos TIC en función dun estudo de cargas, necesidades e funcións	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Estudo de labores desenvolvidas no pasado no ámbito da ATIC nas diferentes unidades (incluíndo centros e departamentos) • Estudo de necesidades actuais non cubertas e previsión doutras novas • Propostas de mellora e plan de actuación • Revisión do sistema de dirección e dos procedementos de comunicación interna da ATIC e posibles accións de mellora 	
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.2 Distribución adecuada dos recursos humanos TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Análise da situación actual		SI
Reorganización funcional		Segundo análise
Incremento de persoal		Segundo análise
Observacións:	<ul style="list-style-type: none"> • Esta acción inclúe ao persoal TIC de apoio á Oficina web • Hai outros indicadores CRUE 	

Código:	6.2.B	
Nome acción:	Aproximar a Área TIC aos centros	
Descrición/Fases:	Tratase de que os centros coñezan mellor os servizos da área TIC, para o que se deben realizar actividades de difusión, e de avanzar na descentralización do equipo de técnicos de atención aos usuarios para garantir a dispoñibilidade dos mesmos en cada zona.	
Responsable:	Xerencia, ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.2 Distribución adecuada dos recursos humanos TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Difusión da ATIC nos centros		SI
Estudo do modelo organizativo atención a usuarios		SI
Implantación		Segundo estudo

Código:	6.3.A	
Nome acción:	Recoller nos orzamentos partidas específicas para TIC que garantan a execución das accións recollidas na planificación estratéxica	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Vic. Economía e Financiamento, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	6.3 Establecer un financiamento suficiente, estable e propio para as TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Catálogo CRUE		

Código:	6.4.A	
Nome acción:	Incrementar a participación en plans de calidade	
Descrición/Fases:		
Responsable:	Vic. de Calidade e Planificación, Xerencia	
Obxectivos que mellora:	6.4 Promocionar a calidade dos servizos TIC e implantar plans de mellora	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NON HAI		

Código:	6.5.A	
Nome acción:	Mellorar a atención aos usuarios	
Descrición/Fases:	Novos procedementos no primeiro nivel, ampliación de horarios, ferramentas de control remoto ...	
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.5 Aumentar a satisfacción dos usuarios TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Asistencia remota		SI
Tempo medio de resolución de incidencias	3 días	2 días

Código:	6.5.B	
Nome acción:	Crear unha nova web da ATIC centrada no usuario como canle de comunicación	
Descrición/Fases:		
Responsable:	ATIC	
Obxectivos que mellora:	6.5 Aumentar a satisfacción dos usuarios TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Nova web		SI (posta en servizo): 2007 Actualización continua

Código:	6.5.C	
Nome acción:	Incrementar o número de análises de satisfacción realizados aos usuarios	
Descrición/Fases:	Tratase de incrementar o número de análises de satisfacción realizados entre os recollidos no Anexo 5 do Catálogo de Obxectivos e Indicadores TIC da CRUE	
Responsable:	Vic. de Calidade e Planificación	
Obxectivos que mellora:	6.5 Aumentar a satisfacción dos usuarios TIC	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
Anexo CRUE		

Código:	6.6.A	
Nome acción:	Participar activamente na Comisión Sectorial TIC da CRUE e nos seus proxectos	
Descrición/Fases:	Participación activa na nova Comisión Sectorial TIC da CRUE recentemente creada como evolución do anterior Grupo de Traballo TIC, no que a USC tivo unha posición de liderado. En particular, participar nas iniciativas da CRUE para crear a infraestrutura necesaria para realizar a análise, planificación e seguimento do estado das TIC no SUE.	
Responsable:	Reitor	
Obxectivos que mellora:	6.6 Colaborar e compartir as experiencias TIC con outras entidades	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NON HAI		

Código:	6.6.B	
Nome acción:	Participar activamente en consorcios, foros e proxectos comúns con outras institucións	
Descrición/Fases:	<ul style="list-style-type: none"> • Participación en proxectos comúns coas universidades galegas (Conorcios para aplicacións de xestión e bibliotecas [Bugalicia], Uniporta, ...) e nacionais • Manter unha presenza activa nos distintos organismos e asociacións dos que forma parte a USC • En particular, manter unha presenza activa no ámbito internacional (EUNIS, ...) 	
Responsable:	Reitor	
Obxectivos que mellora:	6.6 Colaborar e compartir as experiencias TIC con outras entidades	
Indicadores	Valor actual:	valor obxectivo:
NPCONSORCIO (Nº consorcios de compra ou desenvolvemento TIC)		Non hai
Nº entidades TIC nas que participa a USC		Non hai